

## **ACTA 1.: COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE CONCERTACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.**

### **CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO.**

Na Sala de xuntas da Consellería de Facenda sita no complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela reúnense as 11 horas do día 15 de xaneiro de 2019 as persoas que a seguir se sinalan: José María Barreiro Díaz, José Emilio Doorno Guzmán, Javier Lareu Rodiño, Delia Irene Martínez Conde, Lino Díaz Goás, Víctor Gallego Víncent.

O director xeral dá Función Pública expón que se constitúe a Comisión de Seguimento do dito acordo coa composición que se sinala a seguir:

Pola administración:

José María Barreiro Díaz, Director Xeral dá Función Pública.

Pola parte social:

Por CCOO

Vogal titular: José Emilio Doorno Guzmán.

Vogal suplente: Javier Lareu Rodiño

UXT

Vogal titular: Delia Irene Martínez Conde

Vogal suplente: Lino Díaz Goás

Actúa como secretario: Víctor Gallego Víncent, Subdirector xeral de réxime xurídico e RRLL da Dirección Xeral da Función Pública.

Acto seguido, e xa constituída a comisión, coa continuidade no acto de todas as persoas sinaladas supra procedese ao estudio dos puntos que se sinalan:

#### **Punto Primeiro.: acordos assumidos pola administración.**

O director xeral expón que a dirección xeral de función Pública, en virtude do acordado na Comisión de Persoal do día 27 de decembro, comprometease a levar a cabo os seguintes puntos que a seguir se sinalan:

- Que se negociarán as bases do concurso traslados de corpos xerais no primeiro trimestre e que se convocará este antes de rematar o primeiro semestre de 2019.
- Negociar e publicar a OPE 2019 no primeiro trimestre.
- Convocar, con carácter xeral, concursos de traslados con tomas de posesión coordinadas coas resolución dos procesos selectivos.
  - Publicar previamente e con antelación suficiente o temario e o relatorio de disposicións normativas obxecto dás probas selectivas do proceso de funcionarización coa concreción precisa sobre as mesmas, así como unha batería de preguntas relacionadas cos temas obxecto da convocatoria, manifestando expresamente que as preguntas a realizar nos exames serán extraídas da dita batería. Así mesmo a realización do exercicio será único e tipo test.
- Unha vez iniciada a senda de todos os traballos obxecto do presente acordo se continuarán os estudos e/ou traballos oportunos en relación a todas as materias establecidas no acordo Goberno-sindicatos de marzo de 2018 abordando primeiramente en materia de xornada, como medida máis urxente, as adaptacións a realizar para o persoal que desenvolva a súa actividade en quendas ou con xornadas nocturnas, penosas e perigosas.
- Facer a adaptación dos estatutos e a negociar no ámbito que corresponda e aprobar a RPT do Consorcio antes de finalizar o primeiro semestre do ano 2019, así como a iniciar o proceso de integración do persoal laboral fixo como persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Que se negociará e publicará a OPE extraordinaria de 2019 antes do remate do seu primeiro semestre na que se incluirán todas as prazas de estabilización pendentes que reúnan todos os requisitos para ser incluídas na OPE extraordinaria, e especialmente as prazas pendentes do ámbito do SPDCIF, e as prazas do Consorcio sempre que estea publicada a RPT do Consorcio de I+B.
- Iniciar a negociación da RPT da Consellería do Medio Rural antes de rematar o primeiro trimestre de 2019 procedendo a súa publicación o antes posible.

## Punto segundo.-Aclaración sobre a carreira e a promoción interna.

*“Ante as dúbidas plantexadas por funcionarios/as que recentemente e por promoción interna tomaron posesión nun novo grupo, esta comisión informa que o grao extraordinario se adquire no grupo, especialidade ou corpo que se estea a desempeñar o dia 31 de decembro de 2018. Polo tanto o tempo de servizos prestado con anterioridade a esa data, sexa cal fose o vínculo xurídico do empregado/a, computarase aos efectos de adquirir o grao no corpo que efectivamente se estea prestando servizos dende o dia 31 de decembro de 2018”.*

A dita dúbida entenden as partes que non é tal se se lee con detemento o texto do acordo, non obstante ante os escritos presentados como en atención ás consultas verbais realizadas considérase necesario facer a dita aclaración.

**Punto terceiro.: Modificación do decreto de listas de contratación temporal....** Pola dirección xeral infórmase que na xuntanza a celebrar mañá, día 16 de xaneiro de 2019, con todas as OOSS membros dá Mesa xeral de empregados públicos sobre a modificación do Decreto 37/2006, se levará para a inclusión na dita modificación as previsións establecidas no Acordo de concertación.

#### **Punto cuarto.: Decreto de funcionarización.**

O director xeral da Función Pública xeral informa que por este centro directivo se está a traballar nun borrador de decreto de funcionarización que recolle as previsións do acordo para a negociación con todas as OOSS membros da Mesa Xeral de Empregados Públicos. Incluirá o anexo de categorías a funcionarizar o mais amplio posible que se negociará coas organizacións sindicais.

#### **Punto quinto.:Procesos selectivos de funcionarización**

Debatease cara a posterior negociación na Mesa Xeral de Empregados Públicos a amplitude do temario obxecto dos procesos de funcionarización, a extensión numérica da batería de preguntas obxecto de elaboración, o número de preguntas a realizar na proba por grupo de clasificación funcional. Non se pecha ningún acordo porque se entende que isto debe ser obxecto de mesa xeral de empregados públicos, que podería ser proximamente -informa o

director xeral-, unha vez que xa escoitou as argumentacións sobre esta materia das partes asinantes do acordo.

**Punto sexto.: Informe sobre a orde de confección de nóminas 2019 enviada ao DOG e pendente de inminente publicación:**

O director xeral da Función Pública informa da inminente publicación no DOG da orde de confección de nóminas donde se recolle, ademais do incremento do 2,25% para o 2019 (que xa se percibirá coa nómina de xaneiro), a previsión do 0,25% do mes de xullo se o Estado cumpre determinados parámetros. Ademais informa sobre o complemento de IT que está recollido da forma máis beneficiosa dentro das distintas interpretacións legais posibles. Están contempladas, remata informando, outras previsións necesarias para dar cumprimento ao acordo de concertación que se asinou hoxe e do que esta foi a súa primeira xuntanza da comisión de seguimento polas partes asinantes do mesmo.


**Rogos e preguntas.:**

CCOO e UXT solicitan que se comece coa negociación do concurso de traslados de corpos xerais e que se presente o borrador de solicitud da carreira das persoas empregadas públicas tamén o máis axiña posible para que estes poidan manifestar se optan á mesma. Acórdase manter a próxima xuntanza arredor do **día 27** de xaneiro.

Remata a sesión ás trece horas do día 15 de xaneiro de 2019.

Presidente da Comisión de Seguimento O secretario da Comisión

O director xeral da Función Pública Subdirector xeral de RRXX e RRLL

  
Asdo.: José María Barreiro Díaz

  
Víctor Gallego Víncent